

VECIÑANZA PÍDELLE A AUGAS DE GALICIA E AO CONCELLO DE CUNTIS QUE ACOMETAN A CONSERVACIÓN DO RÍO GALLO

- *Augas de Galicia ten abandonado o leito do río Gallo, negando o mantemento e a conservación que si fai noutros cauces fluviais.*
- *No treito urbano, polo que discorre o paseo fluvial e que si é competencia do Concello de Cuntis, a situación tampouco é moi satisfactoria. Restos de cortas acumúlanse na beira do río, así como outras deficiencias que se deben en exclusiva á falta de mantemento.*
- *Veciñanza volve facer un chamamento á responsabilidade das dúas administracións antes do comezo do inverno e da chegada das choivas, que poderían provocar enchentes e consecuencias moi prexudiciais en propiedades privadas.*

Cuntis, 06 de outubro de 2020

No mes de outubro de 2019, [Veciñanza alertaba sobre o risco que supón o estado dun río Gallo colapsado con árbores caídas no seu leito](#) á saída sur do casco urbano. Por aquel entón reiterabamos que “*dúcias de árbores caídas e atravesadas poderían provocar un efecto “tapón” e obstruír o normal discorrer da auga cando por mor das choivas aumente o seu nivel. Trátase do treito que vai dende a N640 (de detrás do Restaurante Don Manuel) ata a Ponte Taboada, de aproximadamene 2’5 km”*. Cuntis é un concello que ten sufrido problemas graves a causa de inundacións e desbordamentos dos seus cauces fluviais, especialmente dos que atravesan o centro da vila, tanto o río Gallo como os regatos menores que van desembocar nel. Periodicamente, os veciños e veciñas tanto da vila como doutras parroquias teñen que padecer as consecuencias das enchentes do inverno. Por tal motivo, Cuntis figura nun lugar destacado no mapa de risco de inundacións que a elabora a Consellaría de Medio Ambiente en función de directivas europeas.

Augas de Galicia ten abandonado o leito do río Gallo, negando o mantemento e a conservación que si fai noutros cauces fluviais. Recentemente vemos como o organismo da Xunta de Galicia si actuou en Alba (no río Rons), nos ríos nos ríos Brixeo, Eume e Chamoselo, ao seu paso polo concello das Pontes, ou en Sobrán, no Concello de Vilagarcía de Arousa, acometendo aquí a retirada de madeira caída sobre o leito, uns **traballos semellantes aos que vén reclamando Veciñanza para o Gallo.**

Ademais, no treito urbano, polo que discorre o paseo fluvial e que si é competencia do Concello de Cuntis, a situación tampouco é moi satisfactoria. **Restos de cortas acumúlanse na beira do río, así como outras deficiencias que se deben en exclusiva á falta de mantemento por parte da administración local.** Este paseo é un entorno moi concorrido tanto por veciños como por visitantes, e mesmo permanece nalgún punto danado a causa de actos vandálicos.





O Concello de Cuntis enganou descaradamente a todos os veciños e veciñas de Cuntis cando en vésperas das eleccións municipais de 2019 anunciou unha partida de máis de 46.000 euros para a renovación das pasarelas do treito urbano do río Gallo. A día de hoxe, unha delas permanece con graves deficiencias na súa estrutura e pode causar danos persoais que o Concello tería que asumir; a outra está precintada e inhabilitada para o seu uso, tamén por deficiencias; e da terceira delas só queda a estrutura de formigón, envolta polas silvas e a maleza en pleno casco urbano.

A lamentable imaxe que presenta o treito urbano do Gallo, con especial protagonismo das pasarelas de madeira e o deterioro do paseo do río, é responsabilidade do Concello de Cuntis. O risco que supón o estado de abandono do leito na saída do casco urbano cara a confluencia co Umia é responsabilidade de Augas de Galicia.

Veciñanza volve facer un chamamento á responsabilidade das dúas administracións antes do comezo do inverno e da chegada das choivas, que poderían provocar enchentes e consecuencias moi prexudiciais en propiedades privadas.

